



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA
XUNTA DE GALICIA E ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO
“PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA”.**

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando no nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 98/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento, o Decreto 88/2018, de 26 de setembro, por el que se establece la estructura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e a resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra, don Víctor Manuel Muñoz Vázquez con DNI 35.308.641F en calidade de representante legal da entidade Aldeas Infantiles SOS Galicia, acreditado con poder notarial bastante, con CIF G36639896, e con domicilio social en: 2ª Travesía Barrio Ribadavia 1-4º, Vigo, Pontevedra.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as





menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Segundo.- A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro

Terceiro.- No ámbito da protección de menores da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que o acollemento familiar tanto en familia allea como en familia extensa ten como finalidade a procura á persoa menor dun núcleo de convivencia familiar axeitado, ben sexa de xeito temporal, para a súa reinserción na súa familia de orixe ou para a súa adaptación á familia que a vaia adoptar, ou ben de forma permanente, cando a idade ou outras circunstancias do/da menor e a súa familia así o requiran.

Neste sentido, as familias acolledoras “extensas” necesitan apoios, recursos e intervencións na súa función de proporcionar seguridade, afianzar o benestar, encher as necesidades que poidan xurdir e manexar os contactos e os vínculos cos proxenitores.

Cuarto.- Aldeas Infantiles SOS Galicia conforme ao seu estatuto en vigor, é unha asociación con personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar declarada de utilidade pública de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, con todos os dereitos establecidos no artigo 33 desta lei, estando ademais habilitada na





Consellería de Política Social como Entidade Prestadora de Servizos Sociais co número E-3013.

Quinto.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e Aldeas Infantiles SOS Galicia, comprometida institucionalmente coa infancia, consideran prioritario potenciar o acollemento familiar de menores e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar dos/as menores en situación de risco ou desamparo, para o que se considera imprescindible a súa integración en ambientes familiares normalizados.

Entre estes programas atópase o programa obxecto deste convenio de colaboración.

Trátase dun recurso de apoio aos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia, mediante o que se facilita o adecuado desenvolvemento do/a menor acollido/a, mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e aos propios menores favorecendo a consecución dos obxectivos marcados coa formalización do acollemento e prevendo posibles situacións futuras de risco.

Desta forma Aldeas Infantiles SOS Galicia, pon ao servizo da Administración un programa que complementa de xeito importante os programas que desenvolve a Consellería de Política Social no eido da protección dos menores e especificamente no programa de acollemento en familia extensa, co fin de chegar a obxectivos comúns.

Sexto.- O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

Sétimo.- A Consellería de Política Social considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a programas como o que se describe, que foi implantado fai anos por Aldeas Infantiles SOS Galicia, inicialmente na provincia de Pontevedra, extendéndose posteriormente ao resto da Comunidade Autónoma.

Considérase polo tanto idónea a Aldeas Infantiles SOS Galicia para a execución de dito programa pola a súa experiencia no ámbito da atención aos/as menores a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos/as menores acollidos/as ao sistema de protección.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade





de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 –en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

A execución material do programa que se desenvolve no clausulado e anexo II deste convenio materialízase mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa entidade Aldeas Infantiles SOS Galicia.

Oitavo.- Aldeas Infantiles SOS Galicia na actualidade conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento do programa, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos de colaboración.

Así mesmo achega o valor engadido de contribuír ao financiamento do desenvolvemento do programa con fondos aportados por outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade, o que permite a súa realización en condicións económicas máis favorables cara á consecución dos fins do programa.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Aldeas Infantiles SOS Galicia para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do "Programa de Apoio ao Acollemento en Familia Extensa" posto a dispor da Administración mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento do/a menor acollido/a mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e/o aos/ás menores.

Aldeas Infantiles SOS de Galicia
2ª Travesía B.º Ribadavia, 1 - 4º
36204 VIGO





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

SEGUNDA.- BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA

Menores acollidos/as en familia extensa, familias de acollida e pais e nais.

TERCEIRA.- OBXECTIVOS

O obxectivo do programa é facilitar a consecución dos obxectivos marcados no momento da formalización do acollemento e previr posibles situacións futuras de risco mediante detección e a abordaxe precoz dos problemas e/ou rehabilitación de situacións non desexables para o benestar dos/as menores.

Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades:

- Proporcionar atención especializada adaptada ás necesidades dos/as acollidos/as, das familias de acollida e dos pais e nais por medio de actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parentais e coidado dos/as menores, intervención psicosocioeducativa e actuacións de mediación nas relacións familiares.
- Apoiar educativamente ás familias e aos/as menores no desenvolvemento de habilidades dende o ámbito cognitivo, actitudinal e emocional para afrontar de forma competente o proceso de acollemento.
- Celebración de sesións informativas iniciais (como parte do proceso de información e adquisición de coñecementos necesarios sobre o proceso de acollemento) que den cobertura a os novos acollementos formalizados a nivel autonómico nas diferentes Xefaturas Territoriais. De 12 horas de duración e con carácter obrigatorio, van dirixidas aos membros das familias acolledoras como paso previo ao comezo de calquera acollemento.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctense no anexo II, Programa de apoio aos acollementos.

CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Para o desenvolvemento do programa a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, comprométese a:






Aldeas Infantiles SOS de Galicia
2ª Travesía B.º Ribadavia, 1 - 4º
36204 VIGO



1. Poñer en coñecemento de Aldeas Infantiles SOS Galicia os diferentes casos obxecto de incorporación ao programa, a través dos Equipos Técnicos do Menor e mediante a entrega dunha ficha na que se inclúan os datos básicos do expediente, nome do/da menor, idade, familias de acollida, familia de orixe, domicilios actualizados e unha breve síntese da situación actual do expediente, na que se indiquen as áreas nas que se debe intervir e a problemática detectada polos equipos técnicos de menores.
2. Realizar todas as actuacións administrativas relativas aos casos derivados (menores integrados no programa, familias de acollida e familias de orixe), que de acordo coa súa competencia lle corresponda: selección das familias ás que se lle prestará o servizo que corresponda, notificacións dos casos aos responsables do programa, reunións, seguimentos, etc., todo iso de acordo cos servizos que conforman o Programa e que se describen no anexo II.
3. Supervisar e coordinar todas as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa que son competencia da Consellería.

QUINTA.- COMPROMISOS DE ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA

Aldeas Infantiles SOS Galicia deberá cumprir cos requisitos e as obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no que respecta ao desenvolvemento do programa obxecto deste convenio, comprométese a levar a cabo todas as actividades e obxectivos recollidos no anexo II do convenio, e ademais:

1. Asumir os casos derivados polos servizos periféricos competentes en materia de menores, unha vez formalizado o acollemento.
2. Designar os/as profesionais que levarán a cabo o programa nas distintas provincias da Comunidade Autónoma, ao que poderán vincular o persoal voluntario que estimen conveniente, así como designar entre o dito persoal un/ha coordinador/a ou responsable do programa.
3. Coordinarse coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, prestando o conveniente apoio técnico e celebrando xuntanzas de traballo cando sexan necesarias.
4. Remitir para cada un dos casos atendidos, informes de seguimento e intervención semestralmente, ou con outra periodicidade cando así o requiran en situacións xustificadas, os servizos periféricos competentes en materia de menores que lles correspondan.





5. Enviar semestralmente un informe estatístico sobre os casos atendidos nese período á Xefatura Territorial correspondente e á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que inclúa unha avaliación dos resultados obtidos.
6. Elaborar, dentro do mes seguinte á finalización do programa, unha memoria na que se recollerán, entre outros, os seguintes aspectos: actividades realizadas, recursos empregados, datos estatísticos, resultados obtidos, valoración global e propostas de mellora.
7. Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/da menor sobre calquera outro.
8. Desenvolver as súas funcións en dependencias habilitadas para o efecto, debendo contar con despachos e salas de atención ás familias para visitas e contactos.

SEXTA.- RECURSOS MATERIAIS E PERSOAIS.

As instalacións das que dispón Aldeas Infantiles SOS Galicia para levar a cabo este programa están emprazadas na Coruña, Vigo e Santiago de Compostela.

Para o desenvolvemento do programa Aldeas Infantiles SOS Galicia contará con diversos profesionais segundo a distribución seguinte:

Atenderanse 100 casos en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, a través de tres equipos:

- Equipo norte para as zonas norte e centro da Coruña e Lugo, que atenderá 38 casos. Componse de tres profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a y/o educador/a social)
- Equipo centro para as zonas sur da Coruña, norte de Pontevedra e norte de Ourense, que atenderá 24 casos. Componse de dous profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a y/o educador/a social)
- Equipo sur para as zonas sur de Pontevedra e Ourense que atenderá 38 casos. Componse de tres profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a y/o educador/a social)
- O programa conta ademais, con unha persoa que coordina o programa a nivel autonómico.



Aldeas Infantiles SOS de Galicia
2ª Travesía B.º Ribadavia, 1 - 4º
36204 VIGO



O equipo que Aldeas Infantiles SOS Galicia poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes aos/ás seus/súas traballadores/as e a que ostente respecto destes/as o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador/a.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS

A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente convenio cunha contía global de 192.765,19 €, con cargo á partida orzamentaria 12.02.312B.481.0 dos orzamentos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social na anualidade de 2018, na que existe crédito axeitado e suficiente (Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018). A devandita achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Así mesmo, Aldeas Infantiles SOS Galicia comprométese a achegar a cantidade de 147.435,13 € procedentes de fondos propios da entidade.

As devanditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo I deste convenio. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se



[Handwritten signature]





aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:

- Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 154.212,15 € (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) deste decreto.

- Os 38.553,04 € restantes pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do coste das actividades realizadas, que conterá:
 - a. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención outórguese consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
 - b. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que faise referencia no apartado anterior a documentación acreditativa do pago. As mesmas serán cotexadas por parte da órgano encargado do control da documentación presentada, e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao convenio.
 - c. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos no que as bases reguladoras da subvención teñan





previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

- d. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións Galicia, deba solicitar o beneficiario.
3. En canto aos custos salariais, a entidade Aldeas Infantiles SOS Galicia deberá presentar, referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:
- a. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
 - b. Recibos de salarios
 - c. Documentos TC2 e TC1 dos traballadores correspondentes ao meses imputados
 - d. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do/a técnico, cando este dedica ao total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratado, o gasto imputado será proporcional a súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, adxuntarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non disfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do traballador titular subvencionaranse os custos que ocasiona o traballador que substitúe ao traballador titular.





- No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.)
- 4. En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a entidade Aldeas Infantiles SOS Galicia autoriza á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a súa verificación a través dos medios electrónicos dispoñibles.

O prazo máximo de xustificación é o 20 de decembro do 2018.

A entidade Aldeas Infantiles SOS Galicia, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL

Aldeas Infantiles SOS Galicia someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e 14 c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007.

Aldeas Infantiles SOS Galicia deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Consellería de Política Social- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.



[Handwritten signature]



Aldeas Infantiles SOS de Galicia
2ª Travesía B, 9 Ribadavia, 1 - 4º
36204 VIGO



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Aldeas Infantiles SOS Galicia tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usado para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

DÉCIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da execución do convenio o coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poda xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta conforme ao establecido na Ley 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e que estará integrada por representantes das partes. No caso de persistir as desavinzas, elevarase a resolución do conflito á Conselleira de Política Social.

A comisión mixta estará formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola conselleira.





- Dous representantes de Aldeas Infantiles SOS Galicia e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A Comisión reunirase a lo menos dúas veces ao ano: unha trala sinatura deste convenio e outra trala edición da Memoria Anual. Ademais reuniranse tantas veces sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2018.

A vixencia do convenio de colaboración conxuntamente coas posibles prórrogas non poderán superar os 4 anos, tal e como establece o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓN LITIXIOSAS

O presente convenio ten carácter administrativo, e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia; Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; Regulamento da Lei Xeral de subvencións, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno; o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia; o Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

En especial, o convenio quedará sometido a o disposto no artigo 11, sobre deberes dos beneficiarios, no artigo 17.3. sobre financiamento das actividades





subvencionadas, no artigo 32, sobre as causas de invalidez da resolución da concesión, e no artigo 33, sobre as causas de reintegro, da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, sendo aplicables os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para resolver as dúbidas e lagoas que podan presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio que non puideran ser resoltas no seo da comisión mixta de seguimento serán resoltas pola conselleira de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou directamente, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso administrativa

DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo, se fora o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social, poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, de forma illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE



Aldeas Infantiles SOS de Galicia
2ª Travesía B.º Ribadevia, 1 - 4º
36204 VIGO



De acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo o convenio quedará sometido en canto a publicidade das subvencións ao establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Ademais, este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Aldeas Infantiles SOS Galicia autoriza á Consellería de Política Social a incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ao convenio asinado no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto

En proba de conformidade con canto antecede, as partes intervenientes asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados ut supra.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL

Fabiola García Martínez

**O PRESIDENTE DE ALDEAS
INFANTILES SOS GALICIA**
Víctor Manuel Muñoz Vázquez



Aldeas Infantiles SOS de Galicia
2ª Travesía B.º Ribadavia, 1 - 4º
36204 VIGO



ANEXO I

Partida Orzamentaria	Importe	Aldeas	Xunta
Actividades Culturais	2.400,00	2.400,00	
Aluguer oficina Coruña	10.890,00	10.890,00	
Aluguer despacho Santiago	5.760,00	5760,00	
Aluguer prazas garaxe	1.920,00	1.920,00	
Servizo de Limpeza oficina	3.000,00	3.000,00	
Resto de gastos de mantemento	250,00	250,00	
Mantemento maquinas oficina	300,00	300,00	
Seguros	1.400,00	1.400,00	
Gastos representación	200,00	200,00	
Auga	250,00	250,00	
Electricidade	2.500,00	2.500,00	
Gastos viaxes director	1.500,00	1.500,00	
Gastos viaxes técnicos	11.000,00	11.000,00	
Outras atencións	200,00	200,00	
Teléfono	1.500,00	1.500,00	
Teléfono móbil	1.800,00	1.800,00	
Material de oficina	430,00	430,00	
Cursos de formación	1.900,00	1.900,00	
Imposto circulación vehículos	180,00	180,00	
Soldo Director	49.791,00	30.430,93	19.360,07
Soldo 8 Técnicos do Programa	173.405,12	0,00	173.405,12
Seguros Sociais	69.624,20	69.624,20	
TOTAL GASTOS	340.200,32	147.435,13	192.765,19



Aldeas Infantiles SOS de Galicia
2ª Travesía B.º Ribadavia, 1 - 4º
36204 VIGO



ANEXO II

1. DENOMINACIÓN DO PROGRAMA

Programa de acollemento familiar en familia extensa.

2. TIPO DE PROGRAMA

Programa de Protección integrado dentro da Política de Programas de Aldeas Infantiles SOS. Destinado a un dos seus grupos meta: nenos e nenas privados de coidado parental.

Trátase dun recurso de apoio ao acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia.

3. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE DESENVOLVER O PROGRAMA

Partimos do acollemento en familia extensa como unha modalidade de protección á infancia que permite que familiares se fagan cargo, temporalmente, dos nenos e as nenas cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas. No Estado Español a práctica deste tipo de acollementos é maioritaria, aproximadamente na actualidade o 85% dos acollementos que se dan realízanse en familia extensa.

Esta medida de protección está a incrementarse progresivamente na nosa sociedade, xa que:

- Permite que os menores vivan con persoas ás que coñecen e nas que confían.*
- Reduce o trauma de vivir con persoas que inicialmente eran descoñecidas.*
- Axuda á transmisión da identidade, a cultura, os valores e crenzas da familia.*
- Fomenta as relacións e os vínculos cos seus pais -cando é posible-, irmáns/as e outros membros da familia extensa.*
- Anima ás familias para confiar nos seus propios membros e recursos.*
- Incrementa as oportunidades do menor de estar conectado coa súa comunidade e anima á comunidade para facerse responsable dos menores e as familias.*
- Facilita o feito de que o menor poida recibir apoio e servizos desde a súa propia familia.*
- Elimina a etiqueta de neno tutelado e acollido fóra da familia.*





O acollemento en familia extensa como recurso de protección á infancia supón unha realidade complexa polo armazón nas relacións dos intervinientes: acolledores, proxenitores, menores acolidos, profesionais dos diferentes servizos e as múltiples áreas que tanto na vida do neno como na dos seus acolledores ven afectadas.

Constátase que a formación, seguimento e intervención que se proporciona á familia extensa é menos exhaustiva que en familia allea. Con todo, estas familias necesitan tantos apoios, recursos e intervencións como calquera outra familia acolledora, posto que a súa función básica é a de proporcionar seguridade, afianzar o benestar, cubrir as necesidades que poidan xurdir e manexar os contactos e a vinculación cos proxenitores.

Os programas especializados de apoio aos acollementos fanse precisos, a fin de detectar e dar solución ás dificultades que poidan xurdir no proceso de acollemento, tales como conflitos de intereses entre as diferentes partes intervinientes no acollemento, problemas nas visitas cos pais

O papel mediador, informativo e formativo dun equipo de apoio pode chegar a optimizar as relacións entre as distintas figuras de apego do menor, evitando que as dinámicas disfuncionais repercutan negativamente no seu benestar.

Sinalar tamén, que Aldeas Infantiles SOS Galicia vén desenvolvendo desde hai anos, programas de acollemento en familia extensa, allea e allea especializada, nas comunidades autónomas de Canarias, Cataluña e Castela-A Mancha.

En Galicia leva a cabo o Programa de Apoio ao Acollemento en Familia Extensa a nivel autonómico desde o ano 2014, anteriormente desenvolveuse unicamente para a provincia de Pontevedra desde xaneiro de 2010. Os datos obtidos nestes anos de traballo reflicten por unha banda unha realidade tanxible de problemas nos acollementos con familia extensa, e por outra banda avalan a utilidade que reporta o programa en canto á diminución de tensión familiar e a súa clara repercusión no benestar do menor.

A experiencia indícanos que canto maior é o tempo de convivencia dun menor cos seus acolledores fai menos previsible o retorno do menor cos seus proxenitores, pero isto non debe obstaculizar o traballo coas familias, todo depende do interese dos pais, da súa situación actual, do propio menor e dos acolledores. O que se pretende desde este programa é que as visitas sexan de maior calidade, que melloren as relacións entre as partes ou que se reduza o nivel de conflito, que se reforcen os recursos e habilidades dos acolledores para exercer as súas obrigacións co menor de forma responsable, etc. Este é o obxectivo do noso facer diario.





4. ÁMBITO XEOGRÁFICO DO PROGRAMA

Comunidade autónoma de Galicia.

5. OBXECTIVOS DO PROGRAMA

OBXECTIVO XERAL

- *Facilitar o adecuado desenvolvemento do menor acollido mediante a formación, orientación, asesoramento e o apoio especializado ás familias e/ou aos menores.*

OBXECTIVOS ESPECIFICOS

- *Facilitar información, apoio e asesoramento ás familias e os menores acerca da medida establecida.*
- *Previr posibles situacións futuras de risco mediante a detección e a abordaxe precoz dos problemas e/ou rehabilitación de situacións non desexables para o benestar do neno e a nena.*
- *Promover na familia acolledora e os proxenitores, modelos apropiados de funcionamento individual e relacional.*
- *Facilitar ás familias acolledoras os recursos necesarios para favorecer unha contorna afectuosa e segura para os nenos e nenas.*
- *Apoiar o proceso de acollemento para garantir que o menor acollido, poida manter o vínculo coa súa familia de orixe, traballando a relación coa mesma.*
- *Intervir a nivel individual e grupal coas familias e/ou menores.*
- *Mediar nas relacións cos pais.*
- *Traballar o retorno sempre que sexa posible.*
- *Realizar o seguimento nos réximes de visita.*
- *Orientar ás familias acolledoras e aos menores sobre recursos e servizos comunitarios dispoñibles na súa contorna e realizar a coordinación entre os mesmos.*

6. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa de Acollemento Familiar que presentamos, pretende dar resposta ás necesidades do menor, da familia de acollida e dos proxenitores ao longo do proceso de acollemento, en coordinación cos equipos técnicos do menor.

Formado por un equipo interdisciplinar de profesionais das áreas





psicosocioeducativas, que proporcionará atención especializada ás necesidades dos acollidos, as familias acolledoras e os proxenitores por medio de actuacións de asesoramento e orientación, intervención psicosocioeducativa e actuacións en mediación nas relacións familiares.

Os menores e as familias ás que se lle prestará o servizo serán seleccionadas e posteriormente derivadas ao programa polos técnicos do Servizo de Familia e Menores das distintas Xefaturas Territoriais, planificándose os obxectivos concretos de forma consensuada entre os técnicos do Servizo, os técnicos do programa e as familias.

Atenderanse 100 casos en toda a comunidade autónoma, para o que se implementan tres equipos:

- Equipo norte - zonas norte e centro da Coruña e Lugo que atenderá 38.*
- Equipo centro - zonas sur da Coruña, norte de Pontevedra e norte de Ourense que atenderá 24 casos.*
- Equipo sur - zonas sur de Pontevedra e Ourense que atenderá 38 casos.*

Como complemento do programa establécense unhas sesións informativas iniciais, que darán cobertura a todos os novos acollementos formalizados a nivel autonómico nas diferentes Xefaturas Territoriais. De 12 horas de duración e con carácter obrigatorio, van dirixidas aos membros das familias acolledoras como paso previo ao comezo de calquera acollemento. Co fin de achegar a información e os coñecementos necesarios sobre o proceso de acollemento .

ACTIVIDADES A DESENVOLVER

- Realización de reunións periódicas entre os técnicos de Aldeas Infantís e os técnicos dos Servizos de Menores de cada unha das Xefaturas Territoriais.*
- Accións de acompañamento e formación dirixidos a desenvolver habilidades para afrontar as tarefas educativas.*
- Acompañamento a menores e/ou familias segundo as necesidades concretas que poidan xurdir nas distintas áreas –social, sanitaria, educativa,...-*
- Informes de seguimento do proceso de acollida .*
- Accións de axuda dirixidas a que a familia de orixe interiorice a situación de acollemento .*
- Establecemento de normas e límites aconsellables na relación coa familia acolledora.*





- *Sesións de traballo coa familia de orixe , dirixidas a facerlles conscientes da importancia da súa colaboración na integración dos seus fillos no acollemento familiar.*
- *Sesións de traballo coa familia extensa acolledora e a familia de orixe dirixidas a mellorar a calidade das relacións entre ambas as familias e o menor.*
- *Sesións de traballo en rede , con todos os equipos que interveñen no caso, para programar unha medida de intervención en función das necesidades detectadas de cada proxecto de actuación desde un enfoque metodolóxico interdisciplinar, dos casos derivados.*
- *Acompañamento nas visitas familiares entre o menor e a súa familia de orixe .*
- *Visitas domiciliarias tanto á familia de orixe -se é o caso- como á familia acolledora e o/a menor.*
- *Accións formativas a través da intervención dirixidas a:*
 - *Mellorar a calidade das relacións familiares en relación ao menor.*
 - *Mellorar a calidade das relacións da familia coa súa contorna e reforzar o sistema de apoio ou rede social.*
 - *Adestramento en habilidades e estratexias socioeducativas.*
 - *Potenciar a autonomía e favorecer mecanismos de autoxestión .*
 - *Abordar e traballar conxuntamente habilidades, estratexias, formación e experiencias para aprender e manter novas funcións como pais e nais.*
- *Accións informativas específicas para aquelas familias derivadas polos ETM, co fin de achegar a información e os coñecementos necesarios sobre o proceso de acollemento .*
- *Deseño de espazos “puntos de encontro ” entre a familia biolóxica e a familia extensa acolledora. Enténdese o punto de encontro , non como un espazo concreto, senón o feito en si de atoparse ambas as familias.*
- *Accións de mediación entre o menor, acolledores e proxenitores posibilitando distintas alternativas de intervención que axuden a estabilizar a dinámica familiar e a resolución de conflitos .*
- *Preparación do proceso de peche da Acolida.*

7. RECURSOS MATERIAIS E PERSOAIS DO PROGRAMA

As instalacións das que dispón Aldeas Infantís para levar a cabo este programa están





emprazadas na Coruña, Vigo e Santiago de Compostela.

- *Na Coruña dispónse de 1 local en réxime de aluguer, distribuído en 1 sala de reunións/sesións formativas, sala de entrevistas e zona de despacho/oficina con 4 postos, 2 aseos. Todo iso debidamente equipado.*
- *En Vigo as instalacións atópanse emprazadas nun edificio propio de Aldeas Infantís, contando para este programa con 2 oficinas, cada unha delas con dous postos, unha delas equipada para a realización de entrevistas, 1 sala de entrevistas e 1 sala para sesións formativas, 2 aseos. Todo iso debidamente equipado.*
- *En Santiago de Compostela dispónse de 1 local en réxime de aluguer distribuído en 1 sala de entrevistas e zona de despacho/oficina con 2 postos, 1 aseo. Todo iso debidamente equipado.*

O persoal de atención directa do programa divídese nos equipos anteriormente mencionados.

- *Equipos norte e sur. Cada equipo componse de tres profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).*
- *Equipo centro. Componse de dous profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).*

O programa conta ademais, cunha persoa que coordina o programa a nivel autonómico.

8. AVALIACIÓN

Entendemos a Avaliación como un proceso continuo dentro do desenvolvemento do Acollemento Familiar. Ao longo dos diferentes procedementos, así como en todo o enfoque do programa de Acollemento Familiar esta a mellora continua como forma de avanzar no programa. Entendemos a Avaliación a diferentes niveis.

Avaliación de Procesos: *Baseada na forma en que realizamos as accións e os diferentes procedementos, avaliando o cumprimento dos mesmos e detectando áreas de mellora.*

Avaliación de Satisfacción: *Consideramos importante contar coa avaliación dos nosos principais grupos de interese, o menor, a familia biolóxica, a familia acolledora, así como a propia administración, nos seus diferentes niveis. Igualmente, avaliamos a opinión de todos aqueles equipos de traballo cos que realizamos un traballo en rede.*



ENTIDADE CONTABLE:

1

XUNTA DE GALICIA

OFICINA CONTABLE:

21

INTERVENCION DE POLITICA SOCIAL

E-5235
Y-09-18

A(r)
(2041)

AUTORIZACIÓN
(sobre créditos retidos)


PRINCIPAL



COMPLEMENTARIA

Nº OPERACIÓN DE PROCEDENCIA:

21 - 2018 - 12 - 20 - 007843

EXPEDIENTE:

EXERCICIO CONTABLE
2018

CONTABILIDADE DO
PRESUPUESTO DE GASTOS

EXERCICIO CORRENTE

Nº REFERENCIA:

2018 - 12 - 00817

ÍNDICE:

2

ÍNDICE DO XESTOR:

TIPO: 313

ACTUACIÓN: 20

SECCIÓN:

12

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Nº APLICACIÓN-PROXECTOS: 1

IMPORTE TOTAL: 192.765,19

ORGÁNICA

12-02

C. TERR.

FUNCIONAL

312B

ECONÓMICA

481.0

PROXECTO

2016 00174

ELIXIBLE

N

IMPORTE

192.765,19

IMPORTE: (en letra): CIENTO NOVENTA E DOUS MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON DAZANOVE CENTIMOS

DESCRIPCIÓN DA OPERACIÓN:

CONVENIO CON ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA PARA EXECUCIÓN PROGRAMA APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA.

PROPOÑENTE E CARGO

A DIRECTORA XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA
(P.D. Art. 2º. 1 da Orde do 03.03.2016)


Mª Amparo González Méndez

INTERVIDO E CONFORME

12 SET. 2018
FISCALIZACIÓN PREVIA LIMITADA
INTERVIDO E CONFORME
(Para os efectos do artigo 97.2 D.L. 1/1999)
O INTERVENTOR, P.A.
Resolución de F. X. C. A
de
07 SET. 2018

Victor Martínez Lago

APROBADO

O CONSELLEIRO
(P.D. Art. 1 da Orde do 03.03.2016)
O SECRETARIO XERAL TÉCNICO


Francisco Javier Abad Parde

DATA: 05 de setembro de 2018

SENTADO NO DIARIO DE OPERACIÓN:

DATA:

12 SET. 2018

Nº OPERACIÓN: 21 - 2018 - 12 - 20 -

012484